



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

BASES PARA A CONTRATACIÓN DUNHA PRAZA LABORAL TEMPORAL DE CONDUCTOR DE TRACTOR-DESBROZADOR DO CONCELLO DE LOBIOS (OURENSE).

BASE PRIMEIRA:

1.1 Obxecto da convocatoria

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de concurso de méritos dunha praza de conductor do tractor - desbrozador do Concello de Lobios (Ourense) a contratar durante un ano dende o 14-04-2.009 ata o 31-12-2.009, e unha entrevista.

1.2 Natureza do contrato.

O contrato articularase para servizo determinado, consistindo este na prestación das tarefas seguintes:

- . Condución segura e reponsable do tractor-desbrozador do Concello de Lobios, respectando as normas de circulación en vigor.
- . Preparación e mantemento preventivo do tractor-desbrozador e os seus equipos auxiliares.
- . Encargarase da carga e descarga, así como do tratamento, do transporte e das posibles operacións que deba realizar para o correcto manexo da broza xerada mediante o desenvolvemento da actividade laboral.
- Encargarase de pasar regularmente, cada quince días, partes sobre os traballos realizados (has desbrozadas, camiños rozados...)
- . Operacións de limpeza e guarda do tractor-desbrozador nas dependencias asignadas e encarga de revisións e inspeccións técnicas.
- . Calesquera outros traballos que, sendo idóneos e compatibles coa cualificación profesional, se lle encomende polo órgano competente do Concello de Lobios.

A relación rexerese pola lexislación laboral sendo de aplicación principalmente o RD. 2720/1998, de 18 de decembro por el que se desenvolve o art. 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ó persoal ó servizo das Administracións Públicas e especialmente ás locais.

Para afronta-lo presente gasto existe consignación orzamentaria suficiente no vixente orzamento de gastos

1.3 Requisitos

Para participar nas probas selectivas, os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos:

- a) Ser español ou cidadán dalgún Estado membro da Unión Europea nos termos establecidos no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto do Emprego Público.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- c) Posuír o carné de conducir tipo B-1 .
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impidan o desenvolvemento das tarefas propias da actividade obxecto de contratación.
- e) Non atoparse incurso nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.
- f) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ó último día do prazo de presentación de solicitudes.

BASE SEGUNDA

As persoas interesadas en tomar parte neste proceso selectivo deberán face-la solicitude mediante modelo normalizado, a facilitar nas oficinas municipais, no que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos no punto 1.3 da Base Primeira da presente convocatoria.

A solicitude deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de 09:00 a 13:00 horas,

Á instancia achegarase os seguintes documentos:

- a) Fotocopia compulsada do DNI ou documento de identidade correspondente ó país da Unión europea de que se trate.
- b) Fotocopia compulsada do Permiso de Conducir tipo B-1.
- c) Relación dos méritos alegados.
- d) Xustificantes dos méritos alegados mediante certificacións ou copias debidamente validadas. Os méritos non xustificados documentalmente non serán obxecto de valoración.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

BASE TERCEIRA:

O prazo de presentación de instancias rematará o día 8 de abril do ano en curso, ás 13 horas, o Alcalde aprobará a lista de admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Lobios.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

BASE CUARTA:

O Tribunal cualificador integrarase do seguinte xeito:

Presidente: Pablo Antonio Álvarez Martínez ou funcionario en quen delegue.

Secretario: o da Corporación ou funcionario desta no que delegue.

Vogais: Dous: María Almeida Fernández (Educadora social) ou en substitución Fátima (Traballadora Social), Carolina Borges Veloso (Orientadora Laboral) ou en substitución Noelia Araújo Fernández (Axente de Emprego e Desenvolvemento Local)

A designación dos membros do Tribunal cualificador deberá incluír os respectivos suplentes.

Para a válida constitución e actuación do Tribunal cualificador, requirirase a presenza de máis da metade dos membros titulares ou suplentes e sempre o do Presidente e a do Secretario.

Facúltase ó Tribunal para resolve-las dúbidas que xurdan e toma-los acordos necesarios para a ordedas probas en todo aquilo non previsto nas presentes Bases.

BASE QUINTA:

A praza obxecto da presente convocatoria cubrirase polo sistema de concurso de méritos e da entrevista.

2.- Concurso: Os méritos a valorar serán os seguintes:

- a) Por servizos prestados na Administración Pública en postos de características similares á da praza á que aspira en cualidade de contratado laboral: 0,20 puntos por mes traballado a xornada completa e 0,10 puntos por mes traballado a xornada parcial, ata un máximo de 3 puntos. Non se computarán as fraccións inferiores a un mes.
- b) Por servizos prestados en calquera institución pública ou empresa privada en postos de características similares á da praza á que aspira en cualidade de contratado laboral: 0,10 puntos por mes traballado a xornada completa e 0,05 puntos por mes traballado a xornada parcial, ata un máximo de 2 puntos. Non se computarán as fraccións inferiores a un mes.
- c) Por cursos de formación relacionados co traballo a desenvolver, convocados por institucións públicas ou privadas con colaboración de organismos da Administración Pública e debidamente homologados polas Consellerías que teñen atribuídas competencias en materia de formación, un máximo de 1,5 punto, estimados do seguinte xeito:

*Por cada curso de máis de 100 horas lectivas: 0,50 puntos.

*Por cada curso de 60 a 100 horas lectivas: 0,40 puntos.

*Por cada curso de 40 a 60 horas lectivas: 0,30 puntos.

*Por cada curso de 20 a 40 horas lectivas: 0,20 puntos.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

*Por cada curso menor de 20 horas lectivas: 0,10 puntos.

Non será obxecto de valoración as certificacións expedidas por academias privadas se non se xustifica a preceptiva homologación.

Valorarase a formación relacionada coa seguinte temática:

- Coñecementos do medio forestal: Desbroces en masa forestais, tratamentos selvícolas, repoboación forestal, Prevención e extinción de incendios forestais, sensibilización ambiental.
- Prevención de riscos laborais
- Mecánica e mantemento de vehículos.
- Primeiros auxilios no monte
- Seguridade viaria.
- Habilidades sociais

d) Coñecemento da lingua galega, cun máximo de 0,50 puntos:

- ? Curso de iniciación do galego ou celga 3: 0,25 puntos.
- ? Curso de perfeccionamento de galego ou celga 4: 0,50 puntos.

Este mérito acreditarase mediante o título ou certificación validados ou expedidos pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou centros oficiais. No caso de que o aspirante acredite documentalmente os dous cursos sinalados, so se terá en conta o de maior puntuación.

e) Valorarase a posesión doutros carnes, cun máximo de 1 punto, segundo a seguinte táboa:

- * Por posuír o carne tipo C1: 0,1 puntos
- * Por posuír o carne tipo C: 0,25 puntos
- * Por posuír o carne tipo D1: 0,50 puntos
- * Por posuír o carne tipo D: 0,75puntos
- * Por posuír o carne tipo E: 1 puntos

De todos os carne que posúa o interesado, só se valorará o carne de maior rango.

ENTREVISTA:

Nesta entrevista, ademais dos coñecementos teóricos, serán valorados a capacidade e formación xeral, a claridade de ideas, a precisión e rigor na exposición e a calidade da expresión oral, así como a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á solución de problemas A entrevista valorarase de 0 a 3 puntos.

No caso de empate nas puntuacións definitivas da suma total do concurso de méritos e entrevista terán preferencia os seguintes colectivos, tendo en conta as liñas de intervención establecidas no I Plan de Igualdade do Concello de Lobios:

- Mulleres:
 - ☞ Víctimas da violencia de xénero.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

- ✍ Discapacitadas.
- ✍ Desempregadas de longa duración (mais de un ano)
- ✍ Maiores de 45 anos.
- ✍ Mulleres con cargas familiares e sen ingresos.
- ✍ Mulleres que se reincorpan o mundo laboral despois dunha baixa por maternidade, atención 3º idade...
- Discapacitados.
- Desempregados de longa duración.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas con cargas familiares e sen ingresos.
- Persoas que reciben a PNC, RISGA e/ou dentro do II Plan de Inclusión.

BASE SEXTA:

A cualificación final virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e nas obtidas na fase de entrevista persoal.

Concluída a cualificación do proceso selectivo, a contratación efectuarase por resolución da Alcaldía, logo da proposta do Tribunal cualificador, que propondrá ó candidato que maior puntuación obtivese. Para efectuar esta proposta, o Tribunal poderá pedir os informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes. Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o seleccionado non achegue a documentación esixida na Base Sétima ou cese no seu posto antes do remate do contrato e polo tempo que reste para o cumprimento do mesmo.

A resolución resolvendo o proceso selectivo publicarase no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello.

BASE SÉTIMA:

O candidato seleccionado deberá achegar con carácter previo a súa contratación:

-. Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

-. Certificado médico en papel oficial de non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o exercicio das súas tarefas. Esta certificación non poderá ter unha antigüidade superior a tres meses da data de presentación a esta oferta.